

I.E.S. Otero Pedrayo

Localidade: Ourense

CURSO

2018-2019



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE

Música

Xefe/a de departamento	Asignaturas / Módulos
Marta González Ferreiro	Música
Membros de departamento	Asignaturas / Módulos

Memoria de

Asignatura / módulo

Curso académico

Páxina 1 de 39

ÍNDICE NUMERADO

-) **Introducción, páx. 1, 2, 3**

-) **Obxectivos xerais do curso , páx. 4, 5**

-) **Obxectivos xerais de educación musical é específicos. pax. 6**

-) **Contidos (unidades didácticas) temporalizados por avaliacións. pax. 6, 7, 8**

-) **Contidos mínimos esixibles. páx. 9**

-) **Metodoloxía didáctica. páx. 10**

-) **Procedementos de avaliación. páx. 10**

-) **Carácter especial da Avaliación Musical. páx. 11**

-) **Actividades de recuperación e reforzo para alumnos/as coa materia ou módulo pendente. pax. 11**

-) **Materiais e recursos didácticos. páx. 11**

-) **Temas transversais. pax. 11**

-) **Actividades complementarias e extraescolares previstas. páx.12**

-) **Medidas de atención á diversidade.páx.14**

-) **Competencias básicas. Páx. 13**

-) **Estándares de aprendizaxe evaluables, páx. 15**

Memoria de	Asignatura / módulo	Curso académico	Páxina 2 de 39
------------	---------------------	-----------------	----------------

INTRODUCCIÓN

PROGRAMA, CURRÍCULO E PROGRAMACIÓN

Programa:

Chamamos programa, en xeral, a calquera proxecto que recolla o conxunto de actuacións que deben levarse a cabo para acadar unhas metas explícitas previamente establecidas.

Cualquera proxecto educativo – unha carreira, un curso, unha asignatura – exige a súa concreción nun “PROGRAMA DIDÁCTICO”. Neste caso, o programa se erixe en instrumento organizativo e coordinador da actividade do profesor e do alumno.

Por tanto, o PROGRAMA, como índice e norma de toda actuación do docente, recolle o conxunto de coñecementos, experiencias, actitudes, habilidades e destrezas que debe alcanzar o alumno e a alumna.

É fundamental que no programa aparezan expostos en ORDE SECUENCIAL e COHERENTE, os OBXETIVOS EDUCATIVOS, a súa VINCULACIÓN cos CONTIDOS científico-culturais de ensino e as ACTIVIDADES que vanse realizar.

Un Programa non pode ser a simple relación de Contidos nin unha mera proposta de actividades.

Ambos extremos teñen que estar relacionados e seleccionados en función de uns Criterios Pedagóxicos, buscando a consecución dos Obxectivos e planificando os medios cos que se conta para elo.

-) Programa debe adaptarse á Psicología Evolutiva.
-) Nos principios terá que presentarse “globalizado” para ir evolucionando cara unha maior sistematización dos contidos.
-) Tamén deberá ser Funcional ca finalidade de lograr non soamente a adquisición de contidos senón tamén o desenvolvemento de “Actitudes”

Memoria de	Asignatura / módulo	Curso académico	Páxina 3 de 39
------------	---------------------	-----------------	----------------

Currículo :

Termo “ currículo ” que, orixinariamente, identificábase co curso dos estudos emprendidos polo alumno e a alumna, e que tan numerosas veces confúnde cos contidos dun Programa ou co Programa mesmo, presenta algunhas diferencias.

Alguns autores suxieren que entre “ Programa” e “ Currículo” existe a mesma diferenza que “ un mapa de ruta e as experiencias que xurden de cara a unha viaxe”.

Realmente, o CURRÍCULO alude á organización sistemática de actividades destinadas á consecución dun certo número de coñecementos recollidos no programa. O currículo reforza o concepto de actividades, experiencias, materiais, métodos de ensino e outros medios empregados polo profesor/profesora ou considerados por él ou por ela coa finalidade de acadar os obxectivos da Educación.

Tamén está considerado coma un “ Ámbito de Acción” que debe ser preparado e organizado.

Outras consideracions : “ O currículo consiste na suma de experiencias que os alumnos realizan mentras traballan baixo a supervisión da escola.

Distintos pedagogos e estudosos da socioloxía contemplan varios aspectos : O Currículo FORMAL no que se reflexa o conxunto de coñecementos entendidos como “VÁLIDOS” e o Currículo OCULTO constituído por unha serie de mensaxes transmitidas coma consecuencia da forma de escolarización ,organización e prácticas.

Non se descarta tampouco a clasificación de Currículo ABERTO e PECHADO. No primeiro especificanse os obxectivos de aprendizaxe, cos medios materiais e persoais para elo, aínda que non se indica a conducta final do alumno/a, nin se exige unha forma expresa de avaliación.

A “FLEXIBILIDADE” é maior que no currículo pechado xa que os obxectivos búscanse con maior énfase.

Parece que o Currículo aberto está maior en liña da CREATIVIDADE.

Programación:

Basicamente, a PROGRAMACIÓN é “ a ordenación operativa” do PROGRAMA. É a súa posta a punto, polo xeral, fraccionada.

Memoria de	Asignatura / módulo	Curso académico	Páxina 4 de 39
------------	---------------------	-----------------	----------------

O programa afecta á totalidade da materia, curso ou período de traballo mentras que a programación inspirada nun concepto mais flexible, pode afectar á totalidade do programa ou unha parte do mesmo.

A Programación constitúe un proceso coordinador de fines e medios. Asegura a unidade e a mobilidade, facendo posibles as adaptacións sen perder de vista a converxencia e o equilibrio dun sistema

Os resultados preséntanse como OBXECTIVOS cunha comprobación que terá lugar na Avaliación.

A Programación debe ser expresión dun proceso “DINÁMICO”, “ABERTO”, “CONTÍNUO” que culminará nun Plan de Traballo capaz de orientar operativamente todo o proceso educativo de cara os obxectivos.

CONTEXTUALIZACIÓN

O centro de ensino no que está integrada esta programación chámase OTERO PEDRAYO na cidade de OURENSE.

Tén características normais - coma calquer outro centro da cidade - impartindo distintos niveis, dende os cursos de 1º Ciclo de Secundaria (1º e 2º) ata o 2º de Bacharelato- este último tamén diversificado en Diurno e Nocturno.

A poboación estudiantil do centro é moi heteroxénea en distintos aspectos, dende a simultaneidade de alumnos que estudan en Conservatorio, Escolas de Música e outros centros adyacentes, coma alumnos con moi escasos recursos e déficit de elementos materiais referidos á propia vida cotiá.

Tamén as nacionalidades contrastan moito nos últimos tempos, dado que son bastantes os alumnos procedentes de Sudamérica, África, Rumanía e outros lugares.

Tamén é destacable a peculiaridade das familias que, aínda tendo un nivel “normal” de entorno familiar, son moitos os nenos de familias “desestructuradas”.

Memoria de	Asignatura / módulo	Curso académico	Páxina 5 de 39
------------	---------------------	-----------------	----------------

VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS

PROFESOR/A (ES/AS)	Marta González Ferreiro		
LIBRO DE TEXTO Data de Autorización	Editorial: Anaya 2º ESO	Autor: Eva Gancedo	

OBXECTIVOS XERAIS DO CURSO

Obxectivos Xerais na Educación Musical :

- Que o alumno PERCIBA o mundo sonoro no que está inmerso e actúe dentro dél.
- Que o alumno desenvolva a súa capacidade de atención e concentración.
- Que o alumno desenvolve a súa organización espacio-temporal.
- Que fomenten a creación de actitudes cooperativas a través da expresión musical.

Obxectivos Específicos na educación Musical :

- Educación Rítmica : Percibir os ritmos e diferencias.Construir esquemas rítmicos a partir da linguaxe, do movemento, do uso da voz ou instrumentos de percusion.
- Educación Auditiva : Formar o alumno como receptor de sons.Identificalos según as características de altura, intensidad, duración e Timbre.
- Educación Vocal : Formar o alumno para emitir sons ca voz. Para este tema, terá que aplicar a súa formación auditiva a ENTONACIÓN. E a súa MEMORIA MUSICAL para o recoñecemento e reprodución tanto de esquemas rítmicos coma melodías-
- Educación Instrumental : Este bloque precisa unha colaboración especial da psicomotricidade, para o cal é básico que se inicie dende idades temprás.
- Educación Social : Fomento das interpretacións e actividades musicais que fomenten a colaboración, a participación e respeto mentras se fai o traballo.

- Recoñecer e interiorizar a noción de pulso acadando precisión e exactitude na pulsación. Recoñecer o pulso como elemento universal da linguaxe musical ó longo da historia. Descubrir o pulso inherente a músicas populares, modernas e clásicas. Aprender e practicar a lectura e escritura de figuras musicais.

- Comprender a necesaria e importante relación dos acentos e o ritmo respecto á linguaxe falada. Coñecer os elementos básicos da escrita musical relacionados cos acentos e os compases. Comprender as intencións expresivas das composicións na utilización de acentos e

Memoria de	Asignatura / módulo	Curso académico	Páxina 6 de 39
------------	---------------------	-----------------	----------------

compases. Identificar e recoñecer os acentos e compases en cancións de música comercial escoitada habitualmente e mellorar o sentido rítmico.

- Ler e interpretar patróns rítmicos pertencentes a compases de 2/4, 3/4 e 4/4, que inclúan síncopas, corcheas con puntiño, tresillos de corcheas e figuracións con corchea e dúas semicorcheas.

- Adquirir destrezas básicas na práctica de instrumentos de percusión de diferentes timbres utilizándoas como medios de expresión do pulso e do ritmo en coordinación co grupo coa finalidade de interpretar colectivamente cancións coa técnica e a musicalidade axeitadas, expresando o ritmo e o compás a través da interpretación.

- Recoñecer a altura dos sons provintes do mundo físico e musical como parámetro diferencial entre eles. Usar o pentagrama e as notas como representación de alturas. Aprezar as diferentes acepcións e usos do elemento melódico da música a través da historia.

- Recoñecer e entonar relacións sonoras con notas da escala diatónica de do e da súa relativa menor.

- Adquirir coñecementos e destrezas básicas na utilización dun instrumento melódico (fauta) e outro de láminas, participando na interpretación colectiva de composicións coa técnica e musicalidade axeitadas, respectando as regras do grupo.

- Comprender o son como fenómeno físico.

- Identificar, interiorizar e valorar o silencio en contextos tanto musicais como cotiáns e a súa relación co son. Interpretar e valorar a utilización do silencio ó longo da historia. Descubrir a importancia e necesidade do silencio como medio de expresión e de comunicación.

- Recoñecer o concepto de forma como estrutura ou conformación dunha obra musical, practicando figuras musicais no contexto duna forma. Aprezar e recoñecer a diversidade de formas musicais ó longo da historia como factor de riqueza cultural. Valorar a importancia na música das formas poéticas tradicionais.

- Recoñecer a presenza dos motivos melódicos como elementos fundamentais da creación musical. Aprezar o desenvolvemento e o tratamento dos motivos melódicos ó longo da historia, fundamentado nas pretensións comunicativas e expresivas dos compositores. Valorar a importancia dun bo motivo melódico na calidade, eficacia e identificación das melodías, sexa cal sexa o seu estilo musical.

Memoria de	Asignatura / módulo	Curso académico	Páxina 7 de 39
------------	---------------------	-----------------	----------------

- Recoñecer e tomar conciencia da organización xerárquica en tons e semitóns como base do noso sistema musical. Coñecer os recursos da linguaxe musical relativos ás tonalidades. Tomar conciencia da evolución dos recursos compositivos que ofrecen as escalas ó longo do tempo.
- Recoñecer o concepto de timbre como parámetro característico e diferencial dos sons. Comprender e valorar a evolución da riqueza tímbrica das obras musicais en función dos compositores e dos recursos instrumentísticos de cada época.
- Adquirir destrezas básicas na utilización da voz como instrumento.
- Participar e disfrutar das interpretacións colectivas respectando as regras establecidas en distintos repertorios: clásico, tradicional e popular.
- Valorar a riqueza de xéneros da música escénica clásica, tradicional e popular coñecendo os seus instrumentos propios. Recoñecer as últimas tendencias dentro da música actual.

CONTIDOS (UNIDADES DIDÁCTICAS) TEMPORALIZADAS POR AVALIACIÓN

BLOQUE I. ESCOITA

- O pulso como ordenador das unidades métricas. Audición de fragmentos e obras musicais que faciliten a identificación do concepto de pulso.
- Tempo, figuras e patróns rítmicos.
- O acento musical e a súa relación co pulso.
- Compases de 2/4, 3/4 e 4/4.
- O silencio e o son. Brainstorming sobre exemplos do concepto de silencio. Percepción do silencio por mor de prácticas colectivas da súa utilización.
- A forma musical: partes de unha obra musical; frases e seccións. A canción. Recoñecemento por mor de exemplos do concepto de forma. Identificación das partes xerais de obras musicais por mor de audicións.
- A altura: graves e agudos. As escalas. Recoñecemento e descrición de sons illados de diferentes alturas e de melodías. Audición comparada de sons graves e agudos a través de diferentes instrumentos.
- Os motivos melódicos. Identificación de motivos melódicos en frases sinxelas escritas observando se hai repeticións literais ou variacións e combinacións.
- A tonalidade maior: tons e semitóns. As escalas maiores. A armadura dunha tonalidade: sol maior. Aprendizaxe da grafía correspondente ós signos de alteración. Identificación nun teclado das notas alteradas no pentagrama e viceversa.
- A tonalidade menor: escalas naturais, armónicas e melódicas. Diferenciación nun teclado e no pentagrama da colocación de tons e semitóns nas escalas maior e menor. Análise de audicións comparadas de obras clásicas baseadas na tonalidade menor.
- O timbre. Clasificación de instrumentos e voces.

Memoria de	Asignatura / módulo	Curso académico	Páxina 8 de 39
------------	---------------------	-----------------	----------------

BLOQUE II. CREACIÓN

- As figuras de negra, corchea e semicorchea, figuras maiores co pulso, a negra con puntiño, a corchea a contratempo, o tresíño de corcheas, corchea+dous semicorcheas. Utilización das figuras musicais como representación escrita do pulso e a súa duración. Lectura e práctica individual e en grupo de patróns rítmicos, con instrumentos ou o propio corpo.
- Lectura e escritura da grafía musical relacionada co silencio de negra.
- A síncopa. Lectura de patróns rítmicos.
- A ligadura de prolongación. Lectura de patróns rítmicos.
- Grafía de compases e acentos. Liñas divisorias. A anacrusa. Recoñecemento en partituras de tipos de compás, liñas divisorias e acentos.
- O signo de repetición.
- Signos de intensidade.
- As notas da escala de do mediante a voz e a frauta ata o mi agudo, de xeito individual.
- As notas alteradas.
- As claves de sol e de fa.
- Os acordes tríada. Tríadas maiores e menores.
- Lectura de patróns rítmicos con compases de 2/4, 3/4 e 4/4.
- Lectura e escritura no pentagrama utilizando tódalas notas coñecidas. Entonación de intervalos sinxelos por mor de patróns rítmicos e motivos melódicos.
- Práctica e lectura, individual e en grupo de cancións instrumentais e/ou vocais.

BLOQUE III. INTERPRETACIÓN

- Recoñecemento dos elementos dunha batería.
- Os instrumentos de láminas.
- A frauta e os teclados. Práctica de técnicas instrumentais básicas interpretando motivos melódicos sinxelos.
- A voz. Recoñecemento dos órganos que interveñen na emisión da voz e dos distintos tipos de voces.
- Práctica de patróns rítmicos sobre unha gravación.
- Interpretación de fórmulas rítmicas e melódicas en actividades grupais.
- Interpretación en grupo de música tradicional.
- Aceptación e cumprimento das normas que rixen a interpretación en grupo.

BLOQUE IV. CONTEXTOS MUSICAIS

- O pulso na historia. Recoñecemento e comparación, por mor de audicións do tratamento do pulso.
- O silencio ó longo da historia.
- A forma musical na historia. Lectura de textos de época asociados á súa interpretación musical. Recoñecemento da forma de obras musicais sinxelas por mor de audicións ou vocabulario propios. O canon.
- A forma musical e a forma poética. Romances. Recoñecemento da forma musical a través dos textos populares.
- A melodía ó longo da historia. As melodías pentatónicas. As texturas. Audición e recoñecemento de melodías e motivos melódicos sinxelos de obras musicais de diferentes

Memoria de	Asignatura / módulo	Curso académico	Páxina 9 de 39
------------	---------------------	-----------------	----------------

épocas. Recoñecemento de melodías melismáticas e silábicas. Recoñecemento de diferentes texturas por mor da audición de fragmentos.

- Os motivos melódicos ó longo da historia. Identificación e análise de motivos melódicos en audicións musicais de distintas épocas.

- O tratamento das tonalidades na historia: a sonata. Análise de audicións comparadas de fragmentos musicais de distintas épocas baseados na utilización das tonalidades.

- O timbre. Audicións comparadas de obras de diferentes épocas segundo a variedade de formacións e de recursos tímbricos.

- As agrupacións instrumentais e vocais ó longo da historia. Audición de diferentes agrupacións vocais e instrumentais.

- Os compositores.

- Orixes da nosa música tradicional. Aprendizaxe dos elementos que influiron na nosa música tradicional. A música tradicional como rito. As escalas e melodías na música tradicional, aprendizaxe dos seus orixes. Os xéneros. Os instrumentos.

- Música moderna: Blues, Jazz, Rhythm & Blues, Soul, Rock & Roll, Pop, Reggae, músicas do mundo. Recoñecemento e comparación, por mor de audicións, dos seus elementos.

- O son no cine. Comparación de audicións de diferentes épocas.

- Os xéneros musicais na historia: o ballet, a música escénica, ópera e musical. Análise das utilizacións do compás e os acentos en audicións de música para ballet.

TEMPORALIZACIÓN:

1º Trimestre: O pulso, o tempo, figuras e patróns rítmicos.

Figuras de negra, corchea, semicorchea, figuras maiores co pulso, negra con puntiño, corchea a contratempo.

O silencio e o son.

O signo de repetición.

A escala de do.

A foma musical.

A batería.

A música tradicional: ritmos

O son no cine.

Blues, Jazz, Rhythm & Blues, Soul.

2º Trimestre: O acento musical.

Compases de 2/4, 3/4 e 4/4.

Liñas divisorias.

Anacrusa.

A síncopa.

A altura.

As notas agudas da escala.

Signos de instensidade.

Claves de sol e fa.

Os motivos melódicos.

Os instrumentos de láminas, a frauta e os teclados.

Ó longo da historia: a melodía, as texturas, os motivos melódicos.

O ballet.

A música tradicional: melodías

Rock & Roll, Pop.

Memoria de	Asignatura / módulo	Curso académico	Páxina 10 de 39
------------	---------------------	-----------------	-----------------

3º Trimestre: A tonalidade: tons e semitóns. A escala maior. A armadura. Tonalidade de sol maior, tonalidades menores.

Tresíños. Corchea + dous semicorcheas.

O timbre.

Clasificación de instrumentos e voces.

A voz

A ligadura de prolongación.

As notas alteradas.

Os acordes tríada maiores e menores.

Ó longo da historia: A tonalidade, o timbre, os compositores, as agrupacións vocais e instrumentais, a música escénica.

A música tradicional: Os xéneros, os instrumentos. Interpretación.

Reggae. Músicas do mundo.

) CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES:

ESCOITA:

- O pulso.
- Tempo, figuras.
- O acento musical.
- Compases de subdivisión binaria.
- Silencio e son.
- A altura. As escalas.
- A forma musical.
- Os motivos melódicos.
- A tonalidade maior e menor. A armadura.
- O timbre. Clasificación de instrumentos e voces.

CREACIÓN:

- Figuras en dificultade progresiva, dende a negra ata corchea+ 2 semicorcheas. Figuras maiores co pulso.
- A ligadura de prolongación.
- Grafía de compases e acentos. Liñas divisorias. A anacrusa.
- A síncopa.
- Silencios.
- A escala de do
- O signo de repetición.
- Signos de intensidade.
- Claves de sol e fa.
- As notas alteradas.
- O acorde tríada

Memoria de	Asignatura / módulo	Curso académico	Páxina 11 de 39
------------	---------------------	-----------------	-----------------

INTERPRETACIÓN:

- A batería.
- Os instrumentos de láminas.
- A frauta e os teclados.
- A voz.
- Interpretación en grupo dunha obra tradicional, clásica ou popular en cada trimestre.

CONTEXTOS MUSICAIS:

- O pulso, o silencio, a forma, a melodía e os motivos melódicos, a textura, as tonalidades, o timbre, os compositores e as agrupacións vocais e instrumentais na historia.
- A música escénica.
- O ballet.
- O son no cine.
- Blues, jazz, rhythm & blues, soul, rock & roll, pop, reggae e músicas do mundo.
- A música tradicional: Escalas, melodías, xéneros e instrumentos.
- O ballet.

Metodoloxía didáctica

- Exercicios escritos.
- Audicións.
- Lectura musical de partituras.
- Exercicios ca frauta e os instrumentos de pequena percusión e láminas: sinxelas cancións.
- Exercicios vocais.
- Visionado de películas de ficción e documentais.

Procedementos de avaliación

- 1- Identifica o pulso en diferentes músicas de ritmo sinxelo.
- 2- Le e escribe patróns rítmicos en crecente dificultade, dende a negra ata a corchea + 2 semicorcheas, sínkopas e signos de repetición, en compases de subdivisión binaria, reproducíndoos en actividades de práctica grupal, respectando a disciplina do grupo.
- 3- Identifica intervalos de silencio en situacións musicais, respetándoas nas prácticas grupais.
Describe e analiza a aparición de silencios en audicións musicais asociados ó contexto histórico da obra.
- 4- Identifica acentos en distintas frases.
- 5- Recoñece e utiliza os signos e a grafía propios do tipos de compás, as liñas divisorias e os acentos.
- 6- Describe o carácter e a velocidade de audicións musicais sinxelas de distintas épocas coa terminoloxía precisa.
- 7- Distingue entre graves e agudos en exemplos sonoros.
- 8- Utiliza a terminoloxía e grafía axeitadas para representar e ler as escalas, recoñecendo e entonando frases e motivos melódicos sinxelos.

Escribe no pentagra escalas maiores e menores.

Memoria de	Asignatura / módulo	Curso académico	Páxina 12 de 39
------------	---------------------	-----------------	-----------------

- 9- Describe e identifica no teclado, tons e semitóns e a súa distribución na escala diatónica de do maior.
- 10- Explica o proceso de creación das tonalidades maiores (neste curso fundamentalmente fa maior e sol maior, recoñecendo e interpretando os signos de alteración escritos na armadura do pentagrama.
- 11- Identifica partes xerais e motivos melódicas en pezas musicais sinxelas.
Identifica formas sinxelas de obras clásicas e populares, fundamentalmente copla e refrán.
- 12- Identifica acentos en pezas clásicas, tradicionais e populares.
- 13- Identifica melodías e texturas básicas.
- 14- Compara e distingue formacións tímbricas en obras de épocas diferentes.
- 15- Identifica motivos melódicos evidentes en obras musicais de distintas épocas e analiza o seu tratamento e utilización na obra.
- 16- Describe e compara o tratamento das escalas e da tonalidade na historia.
- 17- Identifica de xeito visual, auditivo e escrito o que son a ópera, a zarzuela e o musical.
- 18- Diferencia audicións de música popular tradicional e moderna recoñecendo as relacións entre estilos.
- 19- Describe e analiza as cualidades do son.
- EXC-** Ante un grado de mal comportamento e indisciplina do alumnado específico dun dos grupo, **poderá ser anulada a Práctica Instrumental si non queda remedio.(1)**

NON SE REPETIRÁ PROBA DE EXÁME ESCRITO AGÁS XUSTIFICANTE MÉDICO.(2) Estas normas aplicaranse por igual en 2º de ESO e 3º de ESO.

J) Actividades de recuperación e reforzo para alumnos/as coa materia ou módulo pendente

Segundo a materia:

- a.- Exercicios de recuperación da avaliación.
- b.- Traballo directo co alumno.

J) Materiais e recursos didácticos

- Instrumental Orff, teclados e frautas.
- Películas documentais e de ficción.
- Recopilación de partituras e arranxos de obras de diferentes estilos para agrupacións vocais e instrumentais.
- Colección de cds e vinilos da Historia da Música.
- Enciclopedias temáticas.

Memoria de	Asignatura / módulo	Curso académico	Páxina 13 de 39
------------	---------------------	-----------------	-----------------

) Temas transversais

Respecto o medio ambiente, evitando ruidos.
Educación para a vida, a paz, etc, a través dos distintos temas.

COMPETENCIAS BÁSICAS:

- Coñecemento e interacción co mundo físico: Coñecer as capacidades para percibir as sensacións sonoras. Argumentar dun xeito racional a pertenza a unha determinada cultura de manifestacións musicais variadas.

- Matemática: Relacionar as duracións das figuras coa unidade de pulso. Asimilar a duración dos silencios á unidade e á súa figura correspondente. Desenvolver o sentido das proporcións ó traballar a forma musical. Comprender e reproducir as estruturas rítmicas en modelos de compás de 2, 3 e 4 partes. Entender os diferentes segmentos que hai entre as notas dunha escala (ton, semitón). Relacionar os intervalos co seu concepto numérico. Comprender as tonalidades na súa relación cunha estrutura matemática de semitóns. Entender o proceso de equivalencia numérica que existe entre as tríadas maiores e menores segundo o número de semitóns das súas terceiras.

- Comunicación lingüística: Ser capaz de cantar con ritmo. Comprender a importancia da escoita no diálogo cos demais. Relacionar a forma musical coa forma poética. Entender a importancia do ritmo na fala. Ter conciencia do uso da linguaxe musical e explicala con termos propios da materia. Ler, escoitar, analizar e ter en conta opinións distintas á propia con sensibilidade, respecto e espírito crítico.

- Información e competencia dixital: Comprender a importancia do mundo do disco na difusión da música popular moderna. Entender o fundamento da gravación do son. Achegarse ó mundo da alta fidelidade e a gravación en vídeo. Coñecer as funcións dos que participan na gravación dun disco.

- Social e cidadá: Coñecer e valorar a importancia do silencio no entorno. Coñecerse e valorarse á hora de realizar actividades que impliquen un certo grao de creatividade e autonomía. Saberse poñer no lugar de outras persoas e especialmente no de outras culturas. Interesarse e coñecer outras culturas por mor de actividades relacionadas cos motivos melódicos.

- Aprender a aprender: Identificar preguntas e problemas, analizar os coñecementos que se obtiveron e valorar os que aínda faltan. Amosar unha disposición favorable ó coñecemento e manexo de materiais novos. Ser consciente do que se sabe ou non se sabe e do que cómpre saber e se acadou unha vez realizado un exercicio. Organizar e autorregular o coñecemento adquirido para poder transmitilo coa linguaxe técnica axeitada. Poñer en xogo habilidades de distintas formas de pensamento para acadar os seus obxectivos.

Memoria de	Asignatura / módulo	Curso académico	Páxina 14 de 39
------------	---------------------	-----------------	-----------------

- Autonomía e iniciativa persoal: Poñer en xogo habilidades de distintas formas de pensamento para acadar un obxectivo que antes non era evidente. Desenvolver capacidades relacionadas coa creatividade e a intuición.
- Cultural e artística: Elaborar e manipular diferentes formas de información para acadar un obxectivo musical relacionado cos pulsos, o silencio, a forma, a altura do son, os motivos melódicos, as tonalidades, o timbre e a tonalidade.

J Actividades complementarias e extraescolares previstas

- Asistencia a concertos e musicais
- Repaso diario da linguaxe musical.
- Participación en actividades e representacións do instituto.
- Exposicion de Traballos ante o profesor e os compañeiros

PLAN LECTOR

Sempre que se traten temas do libro de texto, farase unha lectura comprensiva individual por parte do alumno/a. En cada unidade didáctica leranse textos referentes á materia dada, sobre todo no que atinxe ao bloque de Contextos Musicais

J Medidas de atención á diversidade

- Segundo a problemática do alumno repasaranse os aspectos básicos de linguaxe musical, práctica instrumental sinxela e audición.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE EVALUABLES

Como a propia lexislación plantexa, trátase de “Especificacions dos criterios de Avaliación” que permiten definir os resultados da aprendizaxe e que concretan o que o alumno e alumna deben saber, comprender e saber gfacer en cada asignatura.

Ditas especificaciones deben ser **OBSERVABLES, MEDIBLES e EVALUABLES** e permitir graduar o rendemento e logros alcanzados.

O seu deseño deberá contribuir e facilitar a realización dunha serie de probas estandarizadas e comparables.

Memoria de	Asignatura / módulo	Curso académico	Páxina 15 de 39
------------	---------------------	-----------------	-----------------

PROBAS:

Estas ferramentas para a Avaliación deben cumprir, polo menos, tres requisitos : .

1 – VALIDEZ : Unha proba é válida cando mide o que dí medir.

Pero, os resultados dunha proba só poden comprobarse comparándoos cos doutra que se toma como criterio de validez.

Tamén a VALIDEZ pódese clasificar :

- VALIDEZ DE CONTIDO : Que abarque o máis representativo.
- VALIDEZ DE PREDICCIÓN : Que poida “predecir”os logros do alumno.
- VALIDEZ CONCURRENTE : Compara os resultados dunha proba con outra.

2 – FIABILIDAD : Unha proba é fiable cando, aplicada varias veces, aporta os mesmos resultados.

3 – TIPIFICACIÓN : Afecta soamente as probas estandarizadas.

O PROCESO DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA:

O proceso da Avaliación Extraordinaria ou tamén denominado RECUPERACIÓN té n unha importancia especial.

A súa realidade té n que quedar INSERTA dentro da Programacion e do Proceso Educativo como consecuencia da Avaliación.

O seu obxectivo é a “COMPENSACIÓN” de situacións deficitarias orixinadas por fracaso na aprendizaxe.

Así coma a RECUPERACIÓN propiamente dita, oriéntase a prevención do fracaso e por esa causa, debe camiñar paralelamente a avaliación, especialmente a Avaliación Contínua.

A búsqueda dos LOGROS e INDICADORES de LOGROS neste proceso é, dende a Programación :

A REALIZACIÓN de exercicios complementarios para asegurar conocimientos e para reforzar DESTREZAS.

Incorporación de distintos tipos de Exámes Escritos :

- a) PREGUNTA EXTENSA SEN LIMITACIÓN DE TEMPO/ESPACIO
- b) RESPOSTAS BREVES E CON LÍMITE DE TEMPO.
- c) PLANTEXAMENTO DE CREACIÓN OU RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS.

Son moitos os expertos que aconsellan “olvidar” todo o sucedido durante o curso escolar e ante a proba extraordinaria de Avaliacion, valorar exclusivamente os chamados CONTIDOS MÍNIMOS da propia asignatura.

Memoria de	Asignatura / módulo	Curso académico	Páxina 16 de 39
------------	---------------------	-----------------	-----------------

INDICADORES PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Durante os diferentes trimestres do curso escolar, faránse enquisas ou cuestionarios de cara o alumnado para comprobar – a través de distintas ferramentas – os resultados non soamente do traballo docente senón tamén do propio proceso do ensino.

INDICADORES DE LOGRO DA AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDACTICA:

Na fase de Avaliación deste proceso deberán valorarse dúas operacións “clave”:

1 – O seguemento contínuo da actividade.

2 – A Retroalimentación.

Esta segunda téñ carácter CORRECTIVO, cando serve para enmendar erros que xurden durante o proceso e CONFIRMATORIA si reconece e afianza os logros.

Si temos en conta estas dúas operacións, poderase axustar constantemente o proceso, correxir as posibles desviacións e aumentar a súa eficacia.

O proceso PROGRAMADOR abre así as portas a un proceso de aprendizaxe no que partíndo das condicións previas do alumno/a, tenderase a consecución dos obxectivos.

CARÁCTER ESPECIAL DA AVALIACIÓN MUSICAL

Para a avaliación do proceso de aprendizaxe musical é preciso ter en conta as características da asignatura de Música.

Sen dúbida, os coñecementos teóricos, históricos e culturais poden ser avaliados ffacilmente polos distintos tipos de avaliación existentes.

A pesar desto, non podemos olvidar que gran parte da aprendizaxe musical soamente pode avaliarse a partir da execución e da interpretación.

Normalmente, este proceso distínguese mais no apartado de Linguaxe Musical, Instrumentos, Canto, dirección,...

A vista das execucións, convendrá valorar as DESTREZAS, incluíndo na súa medición canto se poida.

Tanto a INTERPRETACIÓN coma a CREACIÓN son extremos moi complexos para avaliar mediante conceptos rigurosos que permitan “cuantificar”.

O profesorado de Música téñ que establecer o equilibrio entre o que ambas seccións teñen de técnica, que pódese aprender, e o que é fruto da inspiración, mais propio das aptitudes propias.

Para a Recuperación, pódese contar coa REPETICIÓN ata alcanzar as calidades apetecidas e con EXERCICIOS complementarios de especialización e de reforzo, para o cal abunda moito material.

Non valorar máis que a Técnica pode conducir ao virtuosismo, pero tamén a unha certa superficialidade; valorar exclusivamente a Inspiración pode ser unha fórmula tan innovadora como se queira pero pode encubrir incapacidade técnica e abandono dos modelos.

Memoria de	Asignatura / módulo	Curso académico	Páxina 17 de 39
------------	---------------------	-----------------	-----------------

3º ESO

ASIGNATURA/MÓDULO	Música	Cód.	
CURSO E GRUPO			
PROFESOR/A (ES/AS)	Marta González Ferreiro		
LIBRO DE TEXTO Data de Autorización	Editorial Anaya 3º ESO	Autor: Eva Gancedo	

) Obxectivos xerais do curso

- Coñecer os distintos instrumentos da orquestra e das agrupacións de música pop-rock.
- Tomar conciencia dos diversos usos da voz cantada nas distintas manifestacións culturais e da variedade existente na voz humana.
- Recoñecer os elementos básicos da linguaxe musical para a súa interpretación.
- Participar na interpretación colectiva de composicións coa técnica e a musicalidade axeitadas.
- Fomentar a audición activa e consciente para a comprensión dos procesos de creación da música nos distintos períodos históricos e para a apertura a diferentes propostas musicais.
- Desenvolver a capacidade de análise de obras musicais para interpretar a súa función social e expresiva dentro da súa época.
- Aprender a utilizar diversas fontes de información para a descrición de formas musicais e instrumentos propios da época.
- Aprender a utilizar os coñecementos de linguaxe musical para a análise e a explicación dos procesos musicais propios de cada período histórico.
- Coñecer e comprender o significado das manifestacións musicais no ámbito artístico e cultural, adquirindo o vocabulario básico para expor as súas valoracións e conclusións.
- Analizar a difusión musical a partir da aparición do son gravado.
- Coñecer e apreciar o papel dos medios de comunicación como elementos de difusión musical.
- Coñecer a evolución nas técnicas de gravación e reprodución e valorar a súa incidencia no cambio de concepción da creación musical.

Memoria de	Asignatura / módulo	Curso académico	Páxina 18 de 39
------------	---------------------	-----------------	-----------------

J Contidos (unidades didácticas) temporalizados por avaliacións

BLOQUE I- ESCOITA

- Familias musicais. Apreciación da riqueza cultural de diversos lugares do mundo. Observación, por mor de imaxes e audicións, a descripción dos instrumentos. Interese polo coñecemento dos instrumentos e o seu papel na composición e interpretación.
- A voz. Audicións contrastadas e análises de cantos de diversas rexións do planeta. Recoñecemento dos rexistros das diferentes voces e análises de audicións como exemplos delas. Valoración da expresión vocal como fonte de comunicación de ideas e sentimentos. Recoñecemento da importancia da técnica vocal para unha boa interpretación.

BLOQUE II- CREACIÓN

- Figuras, acentos e compases. Identificación de patróns rítmicos de distintos instrumentos de percusión por mor de exemplos sonoros. Lectura de patróns rítmicos, de forma individual e en grupo. Valoración da aprendizaxe da linguaxe musical como ferramenta fundamental para unha boa interpretación individual e colectiva.
- Dinámicas.
- Ligaduras e articulación
- Escala e intervalos.
- Signos de repetición e chamadas.
- Exercicios prácticos. Identificación e repetición dos signos por mor de partituras, interpretacións con voz e instrumentos e audicións.
- Acordes tríada.
- As claves
- Compases de subdivisión ternaria.
- Tons e semitóns
- Liñas adicionais
- O modo menor
- A partitura orquestral. O director de orquestra
- Intervalos e acordes: cifrados e inversións
- A escala cromática
- Valoración da aprendizaxe da linguaxe musical como ferramenta fundamental para unha boa interpretación individual e colectiva.

BLOQUE III- INTERPRETACIÓN

- Interpretación colectiva de pezas de pezas vocais e instrumentais que conteñen os conceptos tratados.
- Recoñecemento da escritura musical en partituras orixinais e en transcripcións
- Aceptación e cumprimento das normas que rixen a interpretación en grupo e gusto polo traballo ben feito
- Participación con interese e agrado nas propostas colectivas, aportando ideas e valorando as alleas.
- Gusto e interese por unha interpretación correcta e un desenvolvemento das posibilidades expresivas vocais e instrumentais

BLOQUE IV- CONTEXTOS MUSICAIS

- A música nos distintos períodos da historia. Traballos de investigación acerca de compositores e estilos utilizando diversas fontes de información. Utilización de outras fontes de información artísticas e sociopolíticas para unha meirande comprensión da época. Análise

Memoria de	Asignatura / módulo	Curso académico	Páxina 19 de 39
------------	---------------------	-----------------	-----------------

de audicións encamiñadas a identificación das voces, instrumentos, tipo de texto, carácter, dinámica, etc. Utilización da linguaxe oral e escrita para expor sensacións, opinións, ideas e conclusións empregando o vocabulario axeitado. Investigación, descripción e audicións de formas musicais dos diferentes períodos históricos.

- O son capturado. A industria do disco. Elaboración de traballos referidos ó son gravado. Interese por coñecer a evolución nos procesos de gravación e transmisión do son. Valoración das novas tecnoloxías na creación e difusión musicais

- Interese e apertura cara distintas manifestacións artísticas e musicais.

- Desenvolvemento de posicións críticas diante da ampla produción de música moderna e os diferentes canles de difusión

- Valoración e interese pola exploración de diferentes recursos que permitan un traballo ben feito.

TEMPORALIZACIÓN:

1º trimestre: A percusión.

A voz.

Figuras, acentos e compases.

Dinámicas.

Ligaduras e articulacións.

Escalas e intervalos.

Signos de repetición e chamadas.

A música na Idade Media e o Renacemento.

O son capturado. A industria do disco.

Interpretación en grupo de 2 obras.

2º trimestre: Os instrumentos de corda punteada. A guitarra e o baixo.

Os instrumentos de teclado. O piano.

Os acordes tríada.

As claves.

Compases de subdivisión ternaria.

Tonalidades. Tons e semitóns.

A música no Barroco e o Clasicismo.

A alta fidelidade.

Interpretación en grupo de 2 obras.

3º trimestre: Os instrumentos de corda fretada e de vento.

As liñas adicionais.

O modo menor.

Cifrado e inversión de acordes.

A escala cromática.

A partitura orquestral. O director de orquestra.

A música no Romanticismo e o Século XX.

A gravación.

A era dixital.

A música na sociedade contemporánea.

Interpretación en grupo de 2 obras.

Memoria de	Asignatura / módulo	Curso académico	Páxina 20 de 39
------------	---------------------	-----------------	-----------------

J Contidos mínimos esixibles

ESCOITA:

- Percusión. A batería e outros instrumentos de pequena percusión.
- A voz.
- Instrumentos de corda punteada. A guitarra e o baixo.
- Os instrumentos de teclado. O piano.
- Os instrumentos de corda frotada.
- Os instrumentos de vento

CREACIÓN:

- Acordes tríada. As claves
- Compases de subdivisión ternaria. Tons e semitóns. Tonalidades.
- As liñas adicionais. O modo menor. A partitura orquestral. O director de orquestra.
- Intervalos e acordes: cifrados, inversións. A escala cromática.

INTERPRETACIÓN:

- Interpretación colectiva de 3 pezas vocais ou instrumentais

CONTEXTOS MUSICAIS:

- A música nos distintos períodos históricos: características xerais e distintivas de cada período, formas musicais e compositores mais representativos.
- O son capturado. A industria do disco. A era dixital.

J Metodoloxía didáctica

- Exercicios de cada apartado.
- Audicións.
- Lectura e análise de partituras.
- Exercicios coa flauta: cancións a dúas voces e con acompañamento de percusión Orff.
- Elaboración de traballos de investigación.
- Revisión do cuaderno de traballo do/a alumno/a.

J Procedementos de avaliación

- 1- Recoñece os instrumentos das distintas familias orquestrais
- 2- Diferencia, por mor de audicións e partituras, os rexistros e clasificación das voces.
- 3- Identifica e interpreta correctamente os elementos da linguaxe musical.
- 4- Participa na interpretación de composicións vocais e instrumentais, respetando as regras, subordinando a súa actuación o grupo e esforzándose por unha boa interpretación
- 5- Analiza e describe os diferentes recursos compositivos (tímbricos, melódicos, armónicos, rítmicos, dinámicos, etc.) apreciábeis nas audicións propostas
- 6- Diferencia por mor da audición as principais manifestacións e formas instrumentais e vocais dos distintos estilos históricos
- 7- Identifica os diferentes instrumentos e voces que aparecen en audicións de estilos históricos.
- 8- Aplica a linguaxe técnica musical a análise das audicións e as partituras

Memoria de	Asignatura / módulo	Curso académico	Páxina 21 de 39
------------	---------------------	-----------------	-----------------

- 9- Describe as características xerais da música e as formas musicais en cada período histórico e a súa relación co contexto sociopolítico e artístico da época, utilizando unha linguaxe rigurosa e axeitada.
- 10- Describe a evolución e as diferentes técnicas no proceso de gravación e reprodución e os seus artífices.
- 11- Describe e analiza a música nos diferentes medios de comunicación.
- 12- Expón de xeito argumentado as súas opinións e conclusións acerca do consumo da música na sociedade actual.

) **Actividades de recuperación e reforzo para alumnos/as coa materia ou módulo pendente**

Explicar de novo as preguntas máis importantes e realizar un novo exercicio ou traballo de investigación despois de atender individualmente (se se pode) a cada alumno/a.

) **Materiais e recursos didácticos**

Audicións, comentarios, concertos, viaxes, etc
 Instrumental de aula
 Colección de Cds e vinilos de Historia da Música.

) **Temas transversais**

Actividades comp Educación ambiental, educación para a paz, convivencia e todo o relacionado con cada etapa histórica: arte, literatura, política, etc

COMPETENCIAS BÁSICAS

- Coñecemento e interacción co mundo físico: Coidar e usar de xeito correcto a voz e o aparato respiratorio, como un instrumento máis ó servicio da interpretación
- Matemática: Relacionar as duracións das figuras coa unidade de pulso. Comprender as tonalidades na súa relación cunha estrutura matemática de semitóns. Entender o proceso de equivalencia numérica que existe entre as tríadas
- Comunicación Lingüística: Adquirir e usar correctamente o vocabulario musical propio da descripción de instrumentos, características e formas dos diferentes períodos históricos. Concienciar sobre a repercusión do uso extensivo da difusión musical na contaminación sonora. Argumentar de xeito racional a pertencencia a unha determinada cultura de manifestacións musicais variadas.
- Tratamento da información e competencia dixital: Coñecer os recursos informáticos para a creación dunha carpeta de audio de contido histórico. Utilizar as TIC para a obtención de exemplos sonoros relativos o a voz e os instrumentos. Coñecer a evolución dos recursos

Memoria de	Asignatura / módulo	Curso académico	Páxina 22 de 39
------------	---------------------	-----------------	-----------------

tecnolóxicos para o tratamento e a gravación do son. Utilizar as TIC para a búsqueda, selección e recopilación de información técnica. Coñecer as diferentes profesións pertencentes o ámbito das TIC e o seu papel nos procesos de gravación. Coñecer o hardware e o software musicais básicos e distintos formatos e audio dixital

- Social e cidadá: Participar en actividades musicais que requiren un traballo cooperativo. Respetar as normas propias que rixen un traballo en grupo. Comprender as influencias que feitos históricos tiveron na vida social e cultural. Valorar a influencia dos procesos de evolución do pensamento e a concepción da sociedade nas manifestacións artísticas. Comprender e valorar as manifestacións artísticas propias das diferentes culturas e das distintas concepcións da sociedade e do arte.

- Aprender a aprender: Potenciar a atención, concentración e memoria a través da execución instrumental e vocal. Desenvolver técnicas de observación e rexistro de datos históricos e audicións. Desenvolver técnicas de estudo, esquematización, rexistro e exposición. Desenvolver estratexias de autoavaliación tanto interpretativa como intelectual.

- Autonomía e iniciativa persoal: Planificar, desenvolver e avaliar as interpretacións musicais colectivas con confianza e responsabilidade. Desenvolver a perseverancia, autocrítica, estímulo e autoestima na elaboración de traballos, na interpretación musical e na aprendizaxe da interpretación instrumental. Poner en xogo habilidades de distintas formas de pensamento para acadar un obxectivo que antes non era evidente. Potenciar a atención, a memoria, o sentido do orde e o análise a través da comprensión histórico-musical. Desenvolver actitudes abertas cara a innovación por mor da flexibilización dos plantexamentos iniciais.

- Cultural e artística: Coñecer as principais técnicas, recursos e convencións da linguaxe musical de cada período histórico. Establecer conexións entre a música e outros códigos artísticos. Observar a influencia da literatura na creación de obras musicais. Comprender a concepción da obra de arte como un todo.

) **Actividades complementarias e extraescolares previstas**

Visitas a museos e concertos.

Participación en espectáculos programados polo centro.

PLAN LECTOR

Sempre que se traten temas do libro de texto, farase unha lectura comprensiva individual por parte do alumno/a. En cada unidade didáctica leranse textos referentes á materia dada, sobre todo no que atinxe ao bloque de Contextos Musicais

) **Medidas de atención á diversidade**

Segundo as necesidades do/a alumno/a e segundo o tema ou temas onde manifeste dificultade. Se o/a alumno/a ten moitas dificultades na aprendizaxe, esixiráselle somentes un autor de cada apartado da Historia da Música.

Memoria de	Asignatura / módulo	Curso académico	Páxina 23 de 39
------------	---------------------	-----------------	-----------------

3º ESO ()

ASIGNATURA/MÓDULO		Cód.	
CURSO E GRUPO			
PROFESOR/A (ES/AS)			
LIBRO DE TEXTO Data de Autorización	Editorial	Autor	

-) **Obxectivos xerais do curso**
-) **Contidos (unidades didácticas) temporalizados por avaliacións**
-) **Contidos mínimos esixibles**
-) **Metodoloxía didáctica**
-) **Procedementos de avaliación**
-) **Actividades de recuperación e reforzo para alumnos/as coa materia ou módulo pendente**
-) **Materiais e recursos didácticos**
-) **Temas transversais**
-) **Actividades complementarias e extraescolares previstas**
-) **Medidas de atención á diversidade**

Memoria de	Asignatura / módulo	Curso académico	Páxina 24 de 39
------------	---------------------	-----------------	-----------------

4º ESO

ASIGNATURA/MÓDULO	NON SE IMPARTE NESTE CURSO	Cód.	
CURSO E GRUPO			
PROFESOR/A (ES/AS)			
LIBRO DE TEXTO Data de Autorización	Autor		

-) **Obxectivos xerais do curso**

-) **Contidos (unidades didácticas) temporalizados por avaliacións**

-) **Contidos mínimos esixibles**

-) **Metodoloxía didáctica**

-) **Procedementos de avaliación**

-) **Actividades de recuperación e reforzo para alumnos/as coa materia ou módulo pendente**

-) **Materiais e recursos didácticos**

-) **Temas transversais**

-) **Actividades complementarias e extraescolares previstas**

-) **Medidas de atención á diversidade**

Memoria de	Asignatura / módulo	Curso académico	Páxina 25 de 39
------------	---------------------	-----------------	-----------------

4º ESO (optativa)

ASIGNATURA/MÓDULO		Cód.	
CURSO E GRUPO			
PROFESOR/A (ES/AS)			
LIBRO DE TEXTO Data de Autorización			

) Obxectivos xerais do curso

- Saber aplicar os coñecementos da linguaxe musica aprendida ó análise, creación, improvisación e interpretación de música, ademáis de valorar as relacións entre a linguaxe musical e outras linguaxes e ámbitos de coñecemento.
- Utilizar a terminoloxía axeitada propia de cada contido, consultando as fontes documentais necesarias. Mellorar a utilización destas fontes para obter referencias sobre músicas de distintos estilos e sobre a oferta de concertos e outras manifestacións musicais en vivo ou divulgadas a través dos medios de comunicación.
- Adquirir a autonomía necesaria para explorar os recursos que permitan elaborar un traballo ben feito.
- Adquirir unha dinámica correcta e eficaz na elaboración de traballos en grupo, participando na organización e a realización de actividades musicais desenvolvidas en diferentes contextos, con respecto e disposición para superar estereotipos e prexudizos.
- Coñecer o desenvolvemento das técnicas de gravación, reprodución, soporte e edición do son asociadas á evolución das tecnoloxías e sabelas aplicar en prácticas individuais.
- Coñecer a evolución e a difusión musical a través dos medios de comunicación e valorar a súa repercusión no mercado musical.
- Coñecer a evolución do papel da música no desenvolvemento da industria cinematográfica, do jazz e a música moderna e os seus principais representantes e producións analizando a súa relación co contexto histórico.
- Coñecer e apreciar as culturas da antigüidade en relación co desenvolvemento e a difusión da música tradicional e a súa adaptación ó longo do tempo, valorando os recursos literarios como influencia na produción das cancións tradicionais, coñecendo os usos e as finalidades da creación de cantos populares, representacións músico-teatrais e danzas nas manifestacións tradicionais e dos instrumentos tradicionais.

Memoria de	Asignatura / módulo	Curso académico	Páxina 26 de 39
------------	---------------------	-----------------	-----------------

- Coñecer as manifestacións musicais da historia e a súa significación no ámbito artístico e sociocultural, recoñecendo e situando as mostras mais significativas do repertorio da música escénica dende a Idade Media ata a actualidade.
- Planificar e ensaiar a interpretación en grupo de pezas vocais e instrumentais dos estilos da música popular urbana e tradicional.
- Valorar, a través dun coñecemento riguroso, o papel das novas tecnoloxías na creación e a reprodución da música.
- Valorar a música como un elemento de presenza constante na vida das persoas, especialmente a través dos espectáculos e dos medios audiovisuais.
- Desenvolver posicións críticas ante o amplo mundo do consumo musical ampliando os gustos musicais con criterios de coñecemento e calidade.
- Desenvolver a capacidade de análise de obras musicais para interpretar a súa función social e expresiva dentro da súa época.
- Fomentar a audición activa e consciente de obras musicais como fonte de enriquecemento cultural, con atención especial ás voces e ós instrumentos.
- Utilizar a voz, o corpo, obxectos, instrumentos e recursos tecnolóxicos para expresar ideas e sentimentos, enriquecendo as propias posibilidades de comunicación e respectando outras formas de expresión.

) Contidos (unidades didácticas) temporalizados por avaliacións

BLOQUE I - AUDICIÓN E REFERENTES MUSICAIS

- O ritmo. A harmonía. A melodía.
- Fórmulas rítmicas con corcheas e semicorcheas. Subdivisión do pulso. O tempo. Compases compostos.
- Intervalos e semitóns.
- Escalas maiores e menores.
- O acorde tríada.
- Signos de repetición e chamadas.
- A frecuencia.
- Concienciación e repaso dos elementos principais constitutivos da linguaxe musical por mor de audicións e partituras.
- Valoración da aprendizaxe da linguaxe musical como ferramenta fundamental para a composición e a interpretación.

BLOQUE II - A PRÁCTICA MUSICAL

- Interpretación individual e en grupo de pezas instrumentais e vocais, aprendidas de oído ou por mor da lectura de partituras, perseverando especialmente nas habilidades técnicas que permitan mellorar a interpretación.
- Utilización dos distintos instrumentos da aula.

Memoria de	Asignatura / módulo	Curso académico	Páxina 27 de 39
------------	---------------------	-----------------	-----------------

- Utilización das técnicas, os recursos e os procedementos compositivos na improvisación, a elaboración de arranxos colectivos e a creación de pezas musicais.
- Colaboración e interese polas actividades de grupo e pola exploración dos recursos que permitan un traballo ben feito.
- Búsqueda de orixinalidade nos traballos propios prezando criticamente os traballos propios e alleos.
- Coñecemento e interese polo contido das letras das cancións clásicas, modernas e tradicionais.

BLOQUE III - MÚSICA E TECNOLOXÍAS

- Historia do son gravado por medios analóxicos e dixitais, utilizando películas e fontes sonoras históricas para a análise e concienciación do contexto musical en relación ca evolución do son gravado e a reprodución sonora. Utilización de distintas fontes de información para a elaboración de traballos de investigación e aprendizaxe do vocabulario propio dos contidos tratados. Curiosidade pola exploración e explotación de novos recursos tecnolóxicos, desenvolvendo posicións críticas perante o amplo mundo do consumo musical.
- A música no cine e os medios de comunicación. Análise de fragmentos de películas, emisións radiofónicas, programas televisivos e publicidade asociadas á súa banda sonora, dentro do contexto histórico ó que pertencen, escoitando e identificando os seus temas destacados e relacionándoos coas imaxes.
- Orixe e estilos da música popular urbana: Recoñecemento das características musicais propias por mor de audicións, imaxes e traballos de investigación, comparando fragmentos sonoros de diferentes estilos, analizando polo miúdo audicións de temas concretos representativos dos estilos estudados, concienciándose da evolución da música popular urbana no século XX e das novas tendencias musicais na actualidade e desenvolvendo posicións críticas perante o consumo musical.
- A música tradicional: Análise da cultura de distintos pobos da antigüidade por mor de recursos escritos e audiovisuais, recopilando música propia da comunidade, festivales, grupos de música, etc e utilizándoos para diferentes estudos, como poden ser os da orixe e difusión da música tradicional. Escoita comparada de músicas tradicionais, analizando o tipo de melodías e observando o tratamento dos modos e escalas en partituras de música tradicional.
- A música e as artes escénicas: Utilización de fontes de información artísticas para unha maior comprensión e concienciación das diferentes épocas e para a investigación de compositores e estilos, ofertas de concertos e outras manifestacións musicais en vivo e divulgadas a través dos medios de comunicación. Curiosidade polo coñecemento das novas tendencias escénicas.
- A música e a tecnoloxía dixital: Iniciación ó manexo de dispositivos electrónicos, recursos de internet e software musical de distintas características, valorándoos criticamente como recursos para a creación, a interpretación o rexistro e a difusión de producións escénicas. Recoñecemento da transformación de valores, de hábitos de consumo e de gustos musicais como consecuencia dos avances tecnolóxicos das últimas décadas.

TEMPORALIZACIÓN:

1º trimestre: O ritmo, a harmonía, a melodía.

Fórmulas rítmicas.

Intervalos.

O acorde tríada.

Historia do son gravado por medios analóxicos.

A música no cine e nos medios de comunicación.

Interpretación en grupo de 2 pezas instrumentais.

Memoria de	Asignatura / módulo	Curso académico	Páxina 28 de 39
------------	---------------------	-----------------	-----------------

2º trimestre: Fórmulas rítmicas con semicorcheas e corcheas.
Subdivisión do pulso.
O tempo.
Intervalos e semitóns.
Escalas.
Orixes e estilos da música popular urbana.
A música tradicional.
Interpretación vocal e instrumental en grupo.

3º trimestre: Fórmulas rítmicas en compases compostos con silencios de semicorcheas, corcheas e semicorcheas dentro do pulso de negra.
Escalas menores.
Signos de repetición e chamadas.
A música e as artes escénicas.
A música e a tecnoloxía dixital.
Interpretación vocal e instrumental en grupo.

) **Contidos mínimos esixibles**

AUDICIÓN E REFERENTES MUSICAIS

- Conceptos de ritmo, melodía e harmonía.
- Realización e lectura de ritmos complexos, signos de repetición e chamada.
- Intervalos. Escalas maiores e menores.
- O acorde tríada.

A PRÁCTICA MUSICAL

- Interpretación de 3 pezas instrumentais ou vocais.
- Análise de letras de cancións clásicas, tradicionais e populares.

MÚSICA E TECNOLOXÍAS

- Historia do son gravado.
- A música no cine e nos medios de comunicación.
- Orixe e estilos da música popular urbana.
- A música tradicional: orixe e difusión. Melodías, modos e escalas da música tradicional.
- A música e as artes escénicas: épocas, compositores e estilos máis importantes.
- A música e a tecnoloxía dixital: manexo de dispositivos electrónicos sinxelos, recursos de internet e software musical.
- Coñecemento do vocabulario propio dos contidos tratados.

) **Metodoloxía didáctica**

- Lectura, análise e estudio da parte teórica.
- Audicións e visionado de películas e documentais.
- Montaxe de obras en grupo cos instrumentos da aula.
- Lectura da parte teórica e análise de textos referentes a cada contido
- Todo o que se impona en cada apartado.

Memoria de	Asignatura / módulo	Curso académico	Páxina 29 de 39
------------	---------------------	-----------------	-----------------

) **Procedementos de avaliación**

1. Aplica os coñecementos necesarios da linguaxe musical a interpretacións vocais e instrumentais.

2. Utiliza unha linguaxe axeitada a técnica na descrición de contidos propios de cada unidade.

3. Manexa de xeito correcto e eficiente as fontes documentais para o estudo e a elaboración de traballos.

Coñece as fontes de información para obter un muestrario de músicas de distintos estilos, tales como concertos en vivo, DVD, películas, programas de televisión, etc.

4. Participa nas actividades de grupo, aceptando as regras, subordinando a súa actuación persoal e esforzándose por un traballo ben feito.

5. Describe as técnicas de gravación e de reprodución, relacionándoas co seu contexto histórico.

Describe aparatos e instrumentos de gravación e de reprodución do son.

Identifica músicos e personaxes relacionados coa historia do son gravado.

Describe e analiza as etapas evolutivas da radio e da televisión e a súa incidencia nas producións musicais asociadas.

6. Describe, analiza e compara as etapas da música dentro da evolución do cine, identificando os seus compositores mais destacados.

7. Describe a evolución do jazz e da música moderna a través dos seus estilos e representantes.

Analiza a correlación entre as manifestacións musicais e os movementos sociais e históricos contemporáneos.

Recoñece e describe patróns rítmicos, instrumentacións, tratamentos melódicos, agrupacións, etc, propios da música popular urbana.

8. Describe algunhas das culturas da antigüidade de influencia en Galicia e as procedencias do folclore galego.

Describe os trazos melódicos (silábicos, melismáticos...) de distintos cantos.

Describe as características de diversos cantos e danzas tradicionais dados segundo a súa función social.

Describe e clasifica instrumentos populares e os identifica en audicións.

9. Describe e recoñece as mostras mais significativas do repertorio musical escénico, situándoas no seu contexto histórico e social.

Distingue, por mor de audicións, música de diferentes épocas, argumentando as súas eleccións.

Identifica elementos característicos de audicións (voces, instrumentos, carácter) de distintas etapas da música occidental dende a Idade Media ata a actualidade.

Describe formas musicais características de distintas épocas.

10. Investiga e describe algunhas formas de emprego das novas tecnoloxías en diferentes perfís profesionais relacionados coa música.

Coñece algúns usos do ordenador aplicados a actividades musicais como a gravación, a edición ou a sonorización.

11. Interpreta, en pequeno grupo, unha peza vocal ou instrumental no contexto de diferentes estilos.

Recoñece e aplica os trazos melódicos dos cantos tradicionais nas melodías que interpreta.

Memoria de	Asignatura / módulo	Curso académico	Páxina 30 de 39
------------	---------------------	-----------------	-----------------

) **Actividades de recuperación e reforzo para alumnos/as coa materia ou módulo pendente**

Explicar de novo o máis importante e realizar un novo exercicio ou traballo de investigación sobre a materia explicada.

Atención individual, se se pode, non entorpecendo a marcha do curso.

) **Materiais e recursos didácticos**

Audicións de cds e vinilos históricos.

Comentarios de textos.

Concertos en vivo e gravados.

Viaxes culturais.

Instrumental Orff da aula.

Carteis, coleccións de libros temáticos.

Películas de ficción e documentais.

Ordenador portátil do profesor.

) **Temas transversais**

Educación ambiental, educación para a paz, a convivencia e todo o relacionado con cada apartado musical.

COMPETENCIAS BÁSICAS

- Coñecemento e interacción co mundo físico: Utilizar os recursos que ofrece o cine e a música escénica para desenvolver unha mellor percepción do mundo. Recoñecer na música moderna de diferentes estilos algunhas das inxerencias, emocións ou ideas co/a alumno/a poda ter no seu momento evolutivo. Entender e ser consciente da influencia das persoas no espazo, o seu asentamento, as súas actividades e o seu xeito de expresar ideas, sentimentos e comunicarse co entorno a través da música tradicional. Desenvolver o interese por manter hábitos saudables e de respecto ós demais durante a escoita.

- Matemática: Relacionar as duracións das figuras e os silencios coa unidade fundamental de pulso e en relación cun tempo determinado.

- Comunicación lingüística: Adquirir e usar correctamente o vocabulario musical propio da música que se interpreta ou escoita, especialmente o que ten que ver coa valoración crítica de cancións actuais de diferentes estilos e épocas. Adquirir e desenvolver a capacidade de poñerse no lugar de outras persoas de diferentes culturas e épocas. Facilitar a comprensión e a percepción musical a través da lectura de argumentos e resumos de obras escénicas e da expresión escrita das vivencias e ideas transmitidas pola música.

- Social e cidadá: Participar en actividades musicais que requiran traballo cooperativo e unha organización co resto de compañeiros/as. Mellorar o entendemento dos trazos das sociedades actuais, ademais de demostrar comprensión do que as diferentes culturas fixeron á evolución e

Memoria de	Asignatura / módulo	Curso académico	Páxina 31 de 39
------------	---------------------	-----------------	-----------------

ó progreso da humanidade. Favorecer a comprensión da realidade histórica e social do mundo, a súa evolución, os seus logros e os seus problemas.

- Tratamento da información e competencia dixital: Utilizar os recursos informáticos para a edición sinxela de arquivos de audio. Adquirir destrezas de razoamento para organizar, analizar e sintetizar a información obtida da audición ou o visionado de obras escénicas. Utilizar os recursos informáticos e tecnolóxicos en xeral como transmisores e xeradores de información, de coñecemento e de recursos musicais.

- Cultural e artística: Coñecer as principais técnicas da linguaxe musical en xeral. Fomentar a actitude de aprezo pola creatividade artística a través das obras cinematográficas e escénicas nas que se interrelacionan manifestacións culturais e artísticas. Coñecer e valorar a improvisación, a elaboración de arranxos e a composición como recursos para a creación musical.

- Aprender a aprender: Potenciar a atención, a concentración e a memoria a través da execución de patróns rítmicos. Mellorar a comprensión do que un sabe e do que lle compre aprender a través dos temas tratados no cine en relación coa música e a través da conciencia da aprendizaxe de tradición oral. Mellorar a conciencia de aquelas capacidades que entran en xogo na aprendizaxe, como a atención, a concentración, a memoria, a comprensión e a expresión lingüística. Mellorar e desenvolver has habilidades para obter e procesar a información.

- Autonomía e iniciativa persoal: Planificar e desenvolver as interpretacións musicais con confianza e responsabilidade.

) **Actividades complementarias e extraescolares previstas**

Conciertos, visitas a museos e obradoiros musicais.

Viaxes culturais.

Participación en actividades escénicas escolare e extraescolares.

PLAN LECTOR

Sempre que se traten temas do libro de texto, farase unha lectura comprensiva individual por parte do alumno/a.

En cada unidade didáctica leranse textos referentes á materia dada, sobre todo no que atinxe ao bloque de Música e Tecnoloxía.

Medidas de atención a diversidade

Segundo as necesidades do/a alumno/a e segundo o tema onde atope dificultades (lembrar que a materia é optativa.

Memoria de	Asignatura / módulo	Curso académico	Páxina 32 de 39
------------	---------------------	-----------------	-----------------

1º BACHARELATO (optativa)

ASIGNATURA/MÓDULO	Linguaxe musical e Práctica	Cód.	
CURSO E GRUPO	Un grupo (1º B e 1ª C)		
PROFESOR/A (ES/AS)	Marta González Ferreiro		
LIBRO DE TEXTO Data de Autorización	Editorial:	Autor:	

) Obxectivos xerais do curso

- Percibir os elementos e procedementos que configuran unha obra musical captando a diversidade de recursos e matices que contén. escoitar obras musicais por medios convencionais e das novas tecnoloxías.
- Comprender a organización do discurso musical, observando os diferentes elementos e procedementos que dan lugar á súa estruturación. Comprender e aplicar o vocabulario técnico axeitado á hora de referirse a estes elementos: partes, seccións, materiais, texturas, harmonía, melodía, ritmo, timbre, procesos de crecemento e decrecemento de tensión, puntos culminantes e cadencias.
- Coñecer as formas musicais, cómo foron creadas e evolucionaron e qué relacións hai entre elas.
- Coñecer as características dos principais estilos históricos no que atinxe á harmonía, melodía, textura, ritmo, instrumentación, ornamentación, etc. Detectar estas características en obras de distintas épocas e estilos.
- Relacionar música e texto nas diferentes épocas históricas.
- Adquirir vocabulario axeitado para expresar os procesos analíticos tanto obxectivos como subxectivos.
- Relacionar obras relevantes de diferentes épocas e estilos mediante a escoita.
- Coñecer músicas doutras culturas (orientais, étnicas) e a súa función no seu contexto comprendendo a influencia que tiveron na música occidental e viceversa.
- Formar o sentido crítico para valorar a calidade nas obras musicais, en base á percepción dos elementos musicais e procedementos construtivos. Argumentar e expoñer as opinións con precisión tecnolóxica.

Memoria de	Asignatura / módulo	Curso académico	Páxina 33 de 39
------------	---------------------	-----------------	-----------------

- Saber utilizar fontes de información, incluíndo as tecnolóxicas para afondar no coñecemento da música.

J Contidos (unidades didácticas) temporalizados por avaliacións

PRIMEIRO TRIMESTRE

- Contidos comúns:

- . escoita activa.
- . expresión correcta das impresións producidas polas obras escoitadas.
- . elaboración de 1 traballo en grupo sobre análise e contextualización estilística das obras musicais buscando e seleccionando a información en fontes variadas.
- . iniciación aos elementos analíticos: ritmo, melodía, harmonía, forma.
- . percepción dos elementos que interveñen na estrutura dunha obra musical (melodía, harmonía, ritmo, timbre e textura) en diferentes contextos vocais e instrumentais.

- A forma musical:

- . percepción da forma musical pola escoita.
- . comprensión da organización estrutural da música e utilización de diferentes modos de representala gráficamente (partituras e musicogramas) para reflectir esquemáticamente as partes, seccións e subseccións con que se artella unha obra musical.

- As formas históricas:

- . Formas instrumentais da Idade Media e o Renacemento: A imitación, o canon, as diferenzas.
- . Formas vocais da Idade Media e o Renacemento: O canto gregoriano, a misa, o organum, o motete, o madrigal, o coral.

SEGUNDO TRIMESTRE

- Contidos comúns:

- . escoita activa.
- . valoración das características construtivas das obras escoitadas.
- . elaboración de 1 traballo en grupo sobre análise e contextualización estilística das obras musicais buscando e seleccionando a información en fontes variadas.
- . comprensión básica das características sonoras de diferentes épocas, estilos, xéneros e culturas da literatura musical.
- . comparación de distintas versións dunha mesma obra para determinar a calidade da interpretación.

- A forma musical:

- . utilización de partituras e musicogramas como soporte da análise.
- . distintas escalas da forma musical (macroforma, mesoforma e microforma).

- As formas históricas:

- . Formas instrumentais do Barroco e o Clasicismo: Tema con variacións, suite, o rondó, a forma sonata, a sinfonía, o concerto.
- . Formas vocais e escénicas do Barroco e o Clasicismo: A ópera, a zarzuela, a tonadilla escénica, o ballet, a cantata e o oratorio.

Memoria de	Asignatura / módulo	Curso académico	Páxina 34 de 39
------------	---------------------	-----------------	-----------------

TERCEIRO TRIMESTRE

- Contidos comúns:

- . escoita activa.
- . Valoración das características construtivas das obras escoitadas.
- . Elaboración de 1 traballo en grupo sobre análise e contextualización estilística das obras musicais buscando e seleccionando a información en fontes variadas.
- . Elaboración e lectura de críticas das obras escoitadas, atendendo especialmente ás impresións producidas pola obra, utilizando distintas formas de información.
- . Diferenciación na vivencia da música gravada ou en vivo.

- A forma musical:

- . Os procedementos xeradores da forma: a repetición, o contraste, o desenvolvemento, etc. Outros aspectos formais: tensión e distensión, puntos culminantes, equilibrio, relación entre seccións, etc.
- . Texto e música.

- As formas históricas:

- . Formas instrumentais dos séculos XIX (Romanticismo e Nacionalismo) e XX: Pequenas formas pianísticas, o poema sinfónico.
- . Formas vocais e escénicas dos séculos XIX e XX: A canción e o lied.
- . Diferenciación entre música pura, descritiva e programática.

- . As formas nacidas a partir da música contemporánea

) **Contidos mínimos esixibles**

- . Un traballo trimestral analizando aspectos estruturais, formais e expresivos de obras ou estilos musicais propostos polo profesor.
- . O ritmo, a armonía, a melodía, a forma e a textura no análise de obras musicais.
- . Interpretación e elaboración de musicogramas.
- . Crítica valorativa de obras musicais.
- . Os procedementos xeradores da forma.
- . Coñecemento das principais formas musicais históricas dende a Idade Media ó Seculo XX, tanto instrumentais como vocais

) **Metodoloxía didáctica**

- Lectura comprensiva do libro 'Como escuchar la música' de Aaron Copland.
- Ilustración sonora e visual dos aspectos tratados no libro.
- Utilización das novas tecnoloxías para a búsqueda de material sonoro, críticas de concertos e obras, partituras e musicogramas.
- Para a elaboración dos traballos de investigación: explicar as partes de que deben constar, os aspectos máis importantes que se han avaliar, a presentación, etc

) **Procedementos de avaliación**

Avaliarase tanto a participación na clase diaria, a elaboración correcta de traballos de investigación e o coñecemento teórico dos principais contidos. A porcentaxe que se lle dará a

Memoria de	Asignatura / módulo	Curso académico	Páxina 35 de 39
------------	---------------------	-----------------	-----------------

cada apartado será fixada polo profesor unha vez faga unha avaliación inicial do alumnado, aténdose sempre á configuración do grupo.

- 1.- Recoñece a forma histórica ou estrutura dunha obra a partir da súa audición e sabe explicala cunha terminoloxía precisa.
- 2.- Distingue na audición dunha obra os diferentes timbres vocais e instrumentais e sabe clasificalos.
- 3.- Recoñece a textura (planos sonoros) dunha obra ou fragmento e explica as súas características dun xeito claro e conciso.
- 4.- Identifica puntos de tensión-relaxación, culminantes, nunha obra, explicando qué procedementos se utilizaron neste obxectivo.
- 5.- Recoñece e relaciona obras de distintos estilos baseándose na estrutura, a harmonía, o ritmo, o timbre, etc.
- 6.- Valora e diferencia versións distintas dunha mesma obra e explica as diferencias interpretativas.
- 7.- Realiza por escrito a crítica dun concerto ou dunha audición, achegando opinións persoais e documentación buscada polo alumnado.
8. Comenta oralmente ou por escrito a relación entre música e texto en obras de diferentes épocas e estilos. Se o texto é descritivo, se é inspirador, se determina a forma, se os puntos culminantes coinciden con ideas ou palabras culminantes, etc.

) **Actividades de recuperación e reforzo para alumnos/as coa materia ou módulo pendente**

- Repaso, a ser posible, individual, dos aspectos nos que o alumno presente mais dificultade.
- Realización dunha nova proba teórica ou traballo unha vez re explicado o tema

) **Materiais e recursos didácticos**

- Libro de texto.
- Libros de consulta da aula.
- Colección de vinilos e cds.
- Ordenador portátil do profesor.
- Colección de películas e documentais da aula.
- Asistencia a concertos

) **Temas transversais**

) **Actividades complementarias e extraescolares previstas**

Concertos en vivo.

Participación en actividades culturais do centro.

Viaxes culturais.

PLAN LECTOR

Adicarase alomenos unha sesión á semana á lectura de textos históricos e teóricos de distintas épocas e autores ao longo da Historia da Música.

Memoria de	Asignatura / módulo	Curso académico	Páxina 36 de 39
------------	---------------------	-----------------	-----------------

2º BACHARELATO (propia da modalidade 1)

ASIGNATURA/MÓDULO	Non se imparte neste curso	Cód.	
CURSO E GRUPO			
PROFESOR/A (ES/AS)			
LIBRO DE TEXTO Data de Autorización			

-) **Obxectivos xerais do curso**
-) **Contidos (unidades didácticas) temporalizados por avaliacións**
-) **Contidos mínimos esixibles**
-) **Metodoloxía didáctica**
-) **Procedementos de avaliación**
-) **Actividades de recuperación e reforzo para alumnos/as coa materia ou módulo pendente**
-) **Materiais e recursos didácticos**
-) **Temas transversais**
-) **Actividades complementarias e extraescolares previstas**
-) **Medidas de atención á diversidade**

Memoria de	Asignatura / módulo	Curso académico	Páxina 37 de 39
------------	---------------------	-----------------	-----------------

2º BACHARELATO (optativa)

ASIGNATURA/MÓDULO		Cód.	
CURSO E GRUPO			
PROFESOR/A (ES/AS)			
LIBRO DE TEXTO Data de Autorización			

) **Obxectivos xerais do curso**

Como no curso Primeiro de Bacharelato.

) **Contidos (unidades didácticas) temporalizados por avaliacións**

1ª Avaliación: HISTORIA: Preclasicismo, Clasicismo, Beethoven.

TEORÍA: O oficio de músico, o xenio, o proceso creativo e compositivo.

2ª Avaliación: HISTORIA: Romanticismo e Nacionalismo.

TEORÍA: A textura musical

3ª Avaliación: HISTORIA: O Século XX e as Vangardas.

TEORÍA: A forma musical

) **Contidos mínimos esixibles**

HISTORIA: Da 1ª Avaliación: forma Sonata, fillos de Bach; Haydn, Mozart e Beethoven.

Da 2ª Avaliación: Chopin, Listz, Mendelssohn, Brahms, Berlioz, Mahler, Verdi e Wagner. Un autor de cada escola nacionalista; Albéniz, Granados e Falla.

Da 3ª Avaliación: a música hasta a 2ª Guerra Mundial: Impresionismo, Expresionismo e dodecafonismo. Novas Vangardas: características. De esta terceira etapa esixírlles únicamente algo do Impresionismo, Expresionismo e Dodecafonismo

De cada período esixir a ambientación, características e etapas.

TEORÍA: Reflexións sobre a profesión de músico.

Texturas fundamentais na música.

Formas musicais máis importantes, localización temporal.

Memoria de	Asignatura / módulo	Curso académico	Páxina 38 de 39
------------	---------------------	-----------------	-----------------

) **Metodoloxía didáctica**

Teoría, audicións, análises, comentarios de texto e diversas actividades musicais.

) **Procedementos de avaliación**

1º Audición e análises de obras diferenciando o seu estilo, estética e forma.

2º Análise dun texto histórico musical da época

3º Pregunta sobre conceptos musicais de cada época: estruturas, procedementos armónicos, melódicos e rítmicos, instrumentos, etc

) **Actividades de recuperación e reforzo para alumnos/as coa materia ou módulo pendente**

Recalcar sobre lo explicado antes.

) **Materiais e recursos didácticos**

Discos, cds e vídeos.

) **Temas transversais**

Educación para a paz, convivencia, respecto, etc.

) **Actividades complementarias e extraescolares previstas**

Visitar museos, exposicións, concertos.

PLAN LECTOR

Adicarase alomenos unha sesión á semana á lectura de textos históricos e teóricos de distintas épocas e autores ao longo da Historia da Música.

) **Medidas de atención á diversidade**

Segundo as necesidades dun/ha alumno/a de Segundo de Bacharelato .

Observacións ou outras consideracións:

O CURSO DA PRESENTE PROGRAMACIÓN É 2018-2019

Memoria de	Asignatura / módulo	Curso académico	Páxina 39 de 39
------------	---------------------	-----------------	-----------------